



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADEMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que esta consellería formalizou coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos que se contará dende a data da súa sinatura (dende o 22 de xaneiro de 2018 ata o 22 de xaneiro de 2022).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Universidade de Vigo para a realización das prácticas académicas externas, tanto curriculares como extracurriculares, do estudiantado da universidade nos centros, órganos e/ou unidades da consellería.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Universidade de Vigo é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades.

Este organismo, como organización pública que é, está ao servizo da sociedade e ten como fins prioritarios, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e investigación, a impartición de formación axeitada, presencial ou non, para facilitar a aprendizaxe do estudiantado, a preparación para o exercicio de actividades profesionais ou artísticas e a obtención de títulos académicos.





Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, ponse unha especial énfase na realización de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional, constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

A Xunta de Galicia en xeral e a Consellería de Economía, Emprego e Industria en particular, amósanse receptivas ás medidas encamiñadas a fomentar a formación de estudantes co fin de preparalos para o exercicio de actividades profesionais, de especialistas e a realización de estudos que permitan un maior coñecemento da realidade das administracións, e, concretamente, a problemática e características das materias de competencia da consellería.

Para poder levar a cabo esta colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Universidade de Vigo, o convenio resulta un instrumento idóneo para formalizar as actividades de prácticas académicas externas porque constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada polas universidades, cuxo obxectivo é permitirlle aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, considérase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela,

(asinado dixitalmente)

